



aspaber

ASOCIACIÓN

MEMORIA ANUAL 2023



ASOCIACIÓN DE PAIS DE DISCAPACITADOS PSÍQUICOS DE BERGANTIÑOS
A BREA S/N 15102 CARBALLO A CORUÑA



www.aspaber.com



www.facebook.com/asociacionaspaber

ASOCIACION
ASPABER

ÍNDICE

2

PRESENTACION

3

VISION XERAL DA ORGANIZACION

9

RELACION COAS EMPRESAS E ADMINISTRACIONES

14

AREAS DE ACTUACION

23

MEDIOS DE COMUNICACION

24

ACTIVIDADES RESEÑADAS AÑO 2023



PRESENTACION

Somos unha entidade que nace no ano 1976. Dende o principio a organización estivo centrada na **protección e defensa dos dereitos das persoas e as súas familias**.

Co paso do tempo ASPABER foi evolucionando para adecuarnos aos cambios e as novas necesidades.

Aspaber é unha entidade orientada hacia as persoas con necesidades de apoio, as súas familias e clientes. Intentamos aportar valor e contribuir o seu benestar.

A actividade comercial naciu no ano 2000, para axudar a desenvolver a inserción laboral das persoas. Dende ese momento, os clientes convírtense en colaboradores necesarios da organización.

Intentamos tratar as persoas, familias e clientes con cercanía e calidez.

Por eso somos unha organización aberta que ten unha orientación hacia a comunidade, **que acolle, acompaña e presta apoio a persoas con necesidades diversas**.

ASPABER como organización non lucrativa, debe aportar un valor público

O noso obxectivo é manter resultados sociais, económicos e medio ambientais sostenidos no tempo e reinvertir todos os beneficios en crear máis e mellores oportunidades para as persoas para as que traballamos.

VISION XERAL DA ORGANIZACION

aspaber
ASOCIACIÓN


A NOSA MISION

CONTRIBUIR A QUE AS PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL E AS SUAS FAMILIAS DISPOÑAN DOS APOIOS NECESARIOS PARA PODER DESENVOLVER O SEU PROXETO DE VIDA E LOGRAR A SUA INCLUSION COMO CIDADANS

A NOSA VISION

ASPABER E UNHA ENTIDADE ABERTA QUE PROMOVE O CUMPRIMENTO DOS DEREITOS DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL DE BERGANTIÑOS. E UN REFERENTE GALEGO NA INSERCIÓN LABORAL DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL.

CONTA CON INFRAESTRUTURAS QUE PERMITEN RESPONDER ÁS DEMANDAS DOS TEMPOS E PRESTARÁ NOVOS SERVIZOS AXUSTADOS AS NECESIDADES DOS USUARIOS.



HISTORIA DE ASPABER







AMBITO DE ACTUACION


A SEDE DA ORGANIZACIÓN ATOPASE NO LUGAR DA BREA EN CARBALLO, NA PROVINCIA DA CORUÑA.
O ámbito de actuación da Asociación e Provincial e abarca 13 Concellos da Provincia da Coruña.

DIMENSION DA ENTIDADE

USUARIOS POR CENTRO



USUARIOS POR CONCELLOS CO,CD E CR





ORGANIZACION

Equipo DIRECTIVO

Xerente e Directora: Dolores Fernández García

Equipo de COORDINACIÓN

Responsable Área Ocupacional: Carmen Trigo /José Manuel Sánchez

Responsable Área Centro de Día: Irene Rama

Responsable Área Centro de Residencia: Belén Muñiz

Responsable Area Administración: J. Antonio Gómez

Responsable/Xerente C.E.E: José Tato

XUNTA DIRECTIVA

É órgano encargado da Xestión e representación da Asociación en toda a súa amplitude e reúnese varias veces o ano.


ASAMBLEA XERAL DE SOCIOS

A Asamblea Xeral é o máximo órgano da Asociación, e reúnese anualmente para debater e tratar os asuntos de maior relevancia e importancia: aprobación das contas anuais, da memoria de xestión, do presuposto do ano seguinte.

Nº Reunións Xunta Directiva:10

Nº Reunións Equipo Coordinación: 20

A Entidade conta con 350 SOCIOS



RECURSOS HUMANOS

OS PROFESIONAIS E OS EQUIPOS SON UN RECURSO CLAVE

Para poder cumprir cos nosos obxetivos traballamos con persoas que disfrutan e sinten ilusión polo que fan e que se esforzan e son esixentes coa calidade e os resultados.


Nº profesionais Ano 2023: 42

Durante o ano 2023 contamos co Programa de COOPERACION onde 3 profesionais foron contratados durante 9 meses.



Un ano máis ASPABER colaborou co obradoiro dual de emprego Fórum Dual na especialidade de atención sociosanitaria a persoas dependentes, acollendo ós alumnos en prácticas grazas ao convenio asinado co Concello de Carballo.

Nº persoas en prácticas: 7



FORMACION DOS PROFESIONAIS

Unha actitude aprendizaxe que fomenta a creatividade e Innovadora

Para evolucionar e mellorar a nosa maneira de traballar manteremos unha actitude de aprendizaxe constante. Dende os nosos inicios somos unha organización inquieta, que observa, viaxa, escoita, conversa e aprende. Tratamos de comprender as necesidades do entorno e intentamos mellorar a vida das persoas aportando con axilidade e eficiencia ideas innovadoras.

Como complemento da formación en novas metodoloxías en relación ó proxecto Red Tool Lab, os traballadores de ASPABER realizaron unha formación durante 4 días en "**Comunicación non violenta**" e "**Intelixencia emocional**".

Nº CURSOS FORMATIVOS: 23

TOTAL HORAS FORMATIVAS: 235



PROXETO TOOL LAB

Nace a Rede Tool Lab para a transformación da cultura organizativa no sector da discapacidade

*A iniciativa está financiada polo **Ministerio de Trabajo e Economía Social** a través do PERTE da Economía Social.*

Promover un cambio radical nos modelos organizativos e de xestión das entidades sen ánimo de lucro que prestan servizos a persoas con discapacidade. Este é o obxectivo principal de “Tool Lab: Think Tank de transformación da Economía social dos máis vulnerables”.

Tool Lab é un proxecto colaborativo liderado pola asociación SAN XEROME EMILIANI da Guarda (Pontevedra), que involucra a 10 organizacións de 4 Comunidades Autónomas: Galicia, Canarias, Illas Baleares e País Vasco. Participan na agrupación 7 centros de atención especializada á discapacidade intelectual (SAN XEROME EMILIANI, ADISLAN, AMIPA, APROSCOM, ASPABER, EVD-GALICIA de Mos e Crecente), aos que se suman 2 provedores de servizos de consultoría para entidades da economía social (a cooperativa ALGALIA e a Fundación EDE) e a asociación empresarial galega da discapacidade IN-RED.



A Rede Tool Lab celebra en Galicia tres xornadas de innovación social para o cambio organizacional nas entidades da discapacidade

Máis de 60 profesionais do sector da discapacidade reuníronse do 4 ao 6 de outubro na Cidade da Cultura de Santiago de Compostela para compartir e experimentar metodoloxías e ferramentas de cambio dos modelos organizativos e de xestión das súas entidades.

O proxecto conta tamén coa colaboración da Fundación AMADIP-ESMENT de Baleares. Cun orzamento de 510.000€, esta iniciativa foi financiada polo Ministerio de Trabajo e Economía Social con fondos NextGenerationEU na última convocatoria do PERTE da Economía Social.

ToL Lab nace en resposta á necesidade de definir un novo paradigma organizativo para as entidades do ámbito da discapacidade, que permita combinar a profesionalización do sector co mantemento da súa misión social e o desenvolvemento de relacións laborais baseadas na autonomía e autoxestión dos equipos e o benestar das persoas traballadoras.

Con este obxectivo, a Rede Tool Lab propónse como un laboratorio (think tank) de estudo, análise, exploración e experimentación conxunta de 5 metodoloxías e ferramentas innovadoras de management: o paradigma TEAL, a metodoloxía AGILE, a TEORÍA U, a Sociocracia e Holocracia e a Comunicación Non Violenta.

As actividades prevén sesións de exploración e aprendizaxe conxunto entre os membros da Rede sobre cada unha das metodoloxías, sesións de formación presencial con facilitadores e expertos e sesións de aprendizaxe vivencial con entidades precursoras no País Vasco, en Cantabria, en Galicia e nas Illas Baleares.

A primeira das sesións de aprendizaxe vivencial levouse a cabo do 11 ao 13 de setembro en Bilbao e Santander, a través da visita á Fundación EDE e ao Grupo de restauración DeLuz, pioneiro na implementación do Paradigma TEAL en España.

Posteriormente as actividades proseguiron con 3 xornadas de experimentación e difusión, do 4 ao 6 de outubro na Cidade da Cultura de Santiago de Compostela.



RELACION COAS EMPRESAS E ADMINISTRACIONES

O noso obxectivo e manter resultados sociais, económicos e medioambientais e reinvertir todos os beneficios en crear máis oportunidades para as empresas coas que traballamos.

A nosa obrigación é aportar valor público e ser eficientes co uso dos fondos públicos e privados.

RELACIONES COAS EMPRESAS ANO 2023

As empresas e clientes son colaboradores imprescindibles na organización. O noso propósito e establecer alianzas con empresas que comparten os nosos valores e así poder dar maior atención as persoas, garantir a continuidade dos proxectos e impulsar novas iniciativas.

Estamos atentos ao entorno para responder a novas necesidades e desenvolver actividades laborais que permitan crear postos de traballo estables e oportunidades de formación-ocupación e emprego.

RELACION DE EMPRESAS COAS QUE TRABALLAMOS:

- | | |
|----------------------|--------------------------|
| -SAICA PACK | - A VOZ DE GALICIA |
| -SERVAL | -CENTRO COMERCIAL ABERTO |
| -REPSOL PETROLEO S.A | -DICSA |
| -CONSERVAS CALVO | -SECTOR VENDING |




“O comercio local, confía en nos, apoiando o noso traballo”

Elaboración dun diseño de escaiola para a Tenda Zocas (Carballo)

“ASPABER PROCURA TRABALLAR SEMPRE CON EMPRESAS E PROVEEDORES DE CERCANIA”



ASPABER TRABALLA CON PROVEEDORES DE PROXIMIDADE



58%
DOS PROVEEDORES SON DO
CONCELLO DE CARBALLO

RELACIONES CON ADMINISTRACIONES PÚBLICAS

As colaboracións coa Administración contribuíron a favorecer novos recursos sociais e laboráis. As persoas poden desenvolver proxectos con valor público.

- Consellería de Política Social
- Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade
- Consellería de Educación
- Deputación Provincial da Coruña
- Unión Europea
- Concello aos que prestamos servizos: Carballo, A Laracha, Malpica, Zas



CONTRATOS COA ADMINISTRACION PÚBLICA

-Contrato de prestación de Servicios para atención de personas con discapacidad:

- ✓ Centro Ocupacional 1 e 2
- ✓ Centro de Día
- ✓ Centro Residencial

-Contrato coa Consellería de Educación: Aulas de Educación

-Contrato de Limpeza Viaria : Concello de Carballo, A Laracha e Malpica

-Contrato de desbroce e mantemento Concello de Zas

CONVENIOS COA ADMINISTRACIÓN CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE

- Apoio á inserción laboral das persoas con discapacidade no Centro Especial de Emprego
- Convenio para a realización da Formación DUAL ADAPTADA

CONCESIÓN AXUDAS DEPUTACION DA CORUÑA

Con cargo ao **FOIE 2023 da Deputación da Coruña**, ASPABER recibiu unha subvención que permitiu a renovación dun baño do Centro Residencial.



Con cargo ao **FOAXE 2023 da Deputación da Coruña**, ASPABER recibiu unha subvención que nos permitiu seguir desenvolvendo as diferentes actividades do Centro Ocupacional, que da atención a 77 usuarios de 13 concellos da provincia da Coruña. (publicada con data de 24-01-2023)

PROXETOS COA UNIVERSIDADE

✓ DESEÑO DE RECURSOS DIDÁCTICOS ADAPTADOS

Continuamos un ano máis coa colaboración coa USC (Universidade de Santiago de Compostela) **no deseño de recursos didácticos adaptados** a través de dúas novas APS (Aprendizaxes e Servizos) unha no grao de Maxisterio e outra no grao de Pedagogía.

O 22 de decembro tivo lugar no Fórum de Carballo a entrega dunha serie de materiais didácticos elaborados polo alumnado de 4º curso do Grao de Pedagogía e 4º curso do Grao en Mestre de Educación Infantil e en Mestre de Educación Primaria no marco dun proxecto de Aprendizaxe-Servizo (ApS).

A comezos do curso 2023-2024, a USC e ASPABER recoñeceron a necesidade de abordar a escaseza de recursos educativos e a ausencia de formación específica dos profesionais que traballan con alumnado con diversidade funcional. En resposta a este reto, máis de medio cento de alumnos e alumnas participaron neste proxecto de ApS, procedentes das seguintes dúas materias: “Deseño e Elaboración de Materiais Didácticos” e “Deseño e Avaliación de Materiais Didácticos”.

O alumnado de “Deseño e Avaliación de Materiais Didácticos” desenvolveu recursos para o Centro Ocupacional ASPABER, fundamentalmente centrados no **uso seguro da tecnoloxía e os hábitos saudables**, con títulos como: Rulamos!; EduWhatsapp; O xogo do autobús; Nutri-Pirámide; O xogo dos sons; Sorrisos en movemento; e coidaTIC!



✓ PROXETO DE XESTION MEDIO AMBIENTAL

Estamos levando a cabo en conxunto coa Universidade de Santiago un proxecto de reciclaxe de residuos de polietileno e a súa transformación en fío de soldar.

PROXETOS EUROPEOS

➤ TETRIARTE

Un ano máis participamos no proxecto **“Erasmus+ Teatradas”**, un proxecto de intercambio coa Associazione Pegaso e outras 12 asociacións de Galicia.

Proxecto para compartir experiencias e comunicándonos sen límites a través do teatro e da arte.



Unión Europea



Segunda parte do proxecto Erasmus+ Teatradas celebrado en Pontevedra.

➤ PROXETO SKILLS INDEPENDENT LIVING

No ano 2023 iniciamos a traballar nun proxeto europeo que terá unha duración de 3 anos.

Este proxeto proporcionará aos profesionais unha metodoloxía e uns coñecementos dixitais para contribuir a colmar as lagunas dos coñecementos dixitais.

O seu obxectivo principal é mellorar os coñecementos e competencias dos profesionais do ámbito da vida independente e proporcionarlles ferramentas dixitais as persoas con discapacidade.

ALIANZAS CON ENTIDADES SOCIAIS

A colaboración con outras entidades permite que os obxetivos e a nosa misión cheguen a máis persoas e familias e xenere un maior impacto positivo na sociedade.

- Plena Inclusión www.plenainclusión.org
- AEDIS www.asociacionaedis.org
- FADEMGA www.fademga.org
- PAIDEIA www.paideia.es
- IN RED patronal do sector da discapacidade



CERTIFICADOS E RECONOCEMENTOS



CERTIFICACIONES:

As nosas acreditacións son as seguintes:

UNE ISO 9001-2015 de gestión de calidad, esta norma evalúa o rendemento e a efectividade do noso sistema de xestión de calidade.

RECOÑECEMENTOS E PREMIOS:

-O padroado Fogar Bergantiños otorgou no ano 2005 o premio Carballés do ano a ASPABER UTE.

-ASPABER recibiu un Premio de Economía Azul polo seu Proxeto Persoas Diversas+Cofradías=Economía Circular, promovido polo GALP Costa da Morte.



AREAS DE
ACTUACION

Area ADULTOS

Area
EDUCACION

Area TECNICA

Area FAMILIAS

Area EMPREGO

AREA DE EDUCACION

Dende o ano 2017 contamos cun centro de educación especial que pretende ofertar unha educación inclusiva, especializada e de calidade. A área de Educación conta con diferentes apoios.

CENTRO DE EDUCACION ESPECIAL

Dende os 6 ata os 21 anos un equipo de 3 profesores de educación especial e un coidador traballan dende diferentes programas formativos para dar alcance ao máximo potencial do alumnado, centrándose nas súas posibilidades máis que nas súas limitacións.

Durante o curso 2022-2023 estiveron escolarizados 18 alumnos, dos cales 14 están en modalidade completa e 4 en modalidade combinada.

O alumnado está agrupado en tres aulas na procura dunha atención que garante o seu desenvolvemento e benestar.

Actividades levadas a cabo:

-Disfrute de música tradicional grazas ó programa "Música a Flor de Pel", de Afundación, Obra Social Abanca.

O grupo De Tapas, integrado por 7 músicos da Fundación Igual Arte (Vigo) ofrece un animado repertorio fusionando ritmos tradicionais e modernos.



AREA DE ADULTOS

Na Área de adultos prestamos apoios a persoas con discapacidade intelectual, a partir dos 16 anos. O obxectivo principal é que cada persoa desenvolva un proxecto de vida, alcance as súas metas e teña poder de decisión para alcanzar o maior grao de autonomía e independencia posible.

RECURSOS:

CENTRO DE DIA: Servizo que presta apoio a 35 persoas con necesidades de tipo extenso e xeneralizado.

CENTRO OCUPACIONAL 1 e 2: Servizo que presta apoio a 77 persoas con necesidades de tipo intermitente.

CENTRO RESIDENCIAL: Servizo que presta apoio a 17 persoas durante 230 días do ano.



AXUSTE PERSOAL E SOCIAL

- Coidado da saúde
- Uso de recursos comunitarios
- Independencia no fogar
- Control e manexo do diñeiro
- Informática

Formación (competencias, carnet de conducir, ordenanza,...)

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIA

- ✓ Club de Lectura
- ✓ Dinámicas de relaxación
- ✓ Ximnasia de mantemento e camiñatas biosaudables
- ✓ Imaxen persoal e corporal

ACTIVIDADES CENTRO OCUPACIONAL:

TALLERES

MANIPULADOS COLABORA CON:

SAICA PACK
CONSERVAS CALVO
GRUPO VOZ
ZOCAS/PUNTO PACK



ESCAIOLA COLABORA CON:

CAROLINA HERRERA
CONSTRUCCIONES MADRID
PARTICULARES



SOLDADURA PLASTICA COLABORA CON:

CORTIZO
BIOCEVAL
FROITOMAR
CONCELLOS DE CARBALLO E ZAS



CARPINTERIA COLABORA CON:

CONCELLOS DA CONTORNA
CONSTRUCCIONS LOPEZ CAO
CONSERVAS CALVO.



ACTIVIDADES CENTRO DE DIA



ACTIVIDADES CENTRO RESIDENCIAL



R E S I D E N C I A

1 AUTODETERMINACION

PROGRAMA EU TAMEN TOMO AS MIÑAS DECISIONS

2 DESENVOLVEMENTO PERSOAL

PROGRAMA DE HABILIDADES BASICAS DA VIDA DIARIA

3 BENESTAR FÍSICO

PROGRAMA DE COIDADOS NA SAUDE BASICOS

4 RELACIONS INTERPERSOAIS

PROGRAMA DE HABILIDADES SOCIAIS INCLUSION E PARTICIPACION NA COMUNIDADE

INFORMACION DE IMPACTO

2023

C.OCUPACIONAL

713 OBXETIVOS
PLANTEXADOS

588 OBXETIVOS
ACTIVOS

107 OBXETIVOS
ALCANZADOS

C.DIA

102 OBXETIVOS
PLANTEXADOS

45 OBXETIVOS
ACTIVOS

57 OBXETIVOS
ALCANZADOS

C.RESIDENCIAL

66 OBXETIVOS
PLANTEXADOS

34 OBXETIVOS
ACTIVOS

31 OBXETIVOS
ALCANZADOS

PROCEDENCIA DOS OBXETIVOS



NUMERO DE USUARIOS


ALTAS 2023




BAIXAS 2023



PORCENTAXE USUARIOS POR CENTROS



USUARIOS MAIORES DE 50 ANOS



ENVELLECIMENTO USUARIOS

ESTUDO QUE DESTACA O ENVELLECIMENTO DA POBOACION ATENDIDA. VALORAMOS A PORCENTAXE DE USUARIOS ATENDIDOS MAIORES DE 50 ANOS.


AREA DE EMPREGO

O C.E.E. é unha empresa cuio obxectivo principal é a de realizar un traballo productivo, participando regularmente nas operacións de mercado, e cúa finalidade é asegurar un emprego remunerado e a prestación de servizos de axuste persoal e social que requiran os traballadores con discapacidade.

ACTIVIDADES ÁS QUE SE DEDICA O C.E.E

LIMPEZA VIARIA	LIMPEZA COLEXIOS DE CARBALLO	CARPINTERIA E ESCAIOLA	PRS	MANIPULADOS
-CONCELLO CARBALLO -CONCELLO MALPICA -CONCELLO A LARACHA	No 2023 ampliouse a limpeza do colexio de SISAMO,	-Reparación do mobiliario urbano,palets. -Fabricación de molduras e placas	Soldadura plástica, franquicia PRS Reparación de contenedores	Traballos de manipulación , coas empresas: CONSERVAS CALVO SAICA PACK Grupo VOZ
				

TRABALLADORES CENTRO ESPECIAL DE EMPREGO



O C.E.E CONTA CON
56
TRABALLADORES

FORMACIÓN DUAL ADAPTADA


É un modelo de ocupación e emprego para persoas con discapacidade intelectual, onde se potencian as capacidades; así como o desenvolvemento e adquisición de habilidades persoais e laborais óptimas para promover a un emprego.

Nº DE ALUMNOS/AS: 10

DURACIÓN: 3 anos.

Nº DE HORAS FORMATIVAS TEÓRICO-PRÁCTICAS: 5.196

CUALIFICACIÓN: Certificado Profesional, en “Limpeza de Superficies e Mobiliario en Oficinas e Locales”



Actividades formativas complementarias ANO 2023

Obradoiro de artesanía do Proxecto: eu quero Razo-Baldaio, do Concello de Carballo.

Formación en prevención de riscos laborais: primeiros auxilios. (Protección Civil), Carballo.

Programa “ti tes a chave”, Xestión de Recursos e Compostaxe. Concello de Carballo.

Formación en Prevención de dependencias, Adiccións e Saúde. Asociación Vieiro.

Proxecto de Fronte, (Redes Sociais e Violencia Dixital). Deputación da Coruña.

Formación en violencia de xénero e igualdade de oportunidades. CIM (Centro de Información a muller)

Feira de Formación e Emprego (Polígono de Carballo).

Visita instalacións PROINDEX, S.L. Solucións para a hixiene profesional. Arteixo.


Visita o Polígono de Empresas, Carballo, Sector Vending SL.

Visita o Polígono de Empresas, Carballo. casas prefabricadas E modulares CUBE

En marzo rematase o primeiro ciclo de Formación obtendo os seguintes **resultados de empregabilidade**.



AREA TECNICA



NOVIDADES ANO 2023 DAS AREAS TÉCNICAS:


FISIOTERAPIA

- Colaboración co **taller musical** de percusión para traballo de **coordinación**
- Programa “Estilo de vida saudable”
- Actividades grupais de exercicio terapéutico
- Control podolóxico
- **Pilates terapéutico** orientado ao ámbito laboral
- Uso de **incentivador respiratorio** (dispositivo que serve para aumentar capacidade inspiratoria)



PACIENTES ATENDIDOS

■ Individuais ■ Grupais ■ Urgencias



LOGOPEDIA

- ✓ Uso de **TERAPIA MIOFUNCIONAL CON Z-VIBE**. Utilízase para mellorar a funcionalidade da musculatura que participa na fala, na deglución e na respiración.
- ✓ Traballar co **DECEDARIO A ESTIMULACION COGNITIVA** como a conciencia fonolóxica.

ATENCION PSICOLÓXICA

- ✓ **LOW AROUSA**, técnicas que se empregan para reducir a activación, co obxectivo de mellorar o autocontrol.
- ✓ **ENTORNOS AMIGABLES**: creando adaptacións nos contextos que faciliten a autoxestión das sensación internas e externas.



O 54% DOS USUARIOS CONTAN CUN SEGUIMIENTO DO SEU ESTADO EMOCIONAL E CONDUCTUAL

UNIDADE DE SAUDE MENTAL


Durante o ano 2023 mantivemos Convenio coa USM Carballo e as cifras de atención foron as seguintes

TERAPIA OCUPACIONAL

- **ESTILO DE VIDA SAUDABLE**: promoción de hábitos de vida saudables evitando a sedestación prolongada ou coñecendo alimentos beneficiosos para a saúde.
- **ACTIVIDADES DA VIDA DIAIRA**: promover a máxima independencia persoal na realización das tarefas diarias.
- **ERGONOMIA**: información sobre boas posturas no traballo coma na sedestación.
- **CONTROL DA SAÚDE**: control de peso mensual a todos os usuarios do centro e seguemento dos valores da tensión arterial
- **PRODUCTOS DE APOIO**: asesoramento, xestión e mantemento dos produtos de apoio (cadeiras de rodas, andadores, calzado ortopédico...).

TRABALLO SOCIAL

Ofrecemos orientación, asesoramento e información a todas as familias e persoas con discapacidade intelectual para conseguir **acompañar dunha maneira cálida e cercana as diversas situación e casuísticas que se poden presentar.**



ÁREA DE FAMILIAS

El área de familias de Aspaber ten como finalidade **fomentar a participación das familias na Organización e na vida asociativa.**

Todos os anos a Entidade organiza unha comida familiar no Nadal , no ano 2023 participaron **318** persoas.



Respiros Familiares

Un respiro familiar é un apoio que se realiza de maneira temporal . É un servizo para favorecer a conciliación familiar das familias. Durante o ano 2023 as familias poideron beneficiarse de distintos servizos de respiro.

Nº de familias que utilizaron el servicio : 12



SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

COMEDOR

En ASPABER dispoñemos dun comedor. Perseguimos entre outros os seguintes obxetivos, creación de hábitos saudables e así como adquirir maiores habilidades e autonomía.

Contamos co servizo dunha dietista e nutricionista que diseña menús adaptados a cada patoloxía.

TRANSPORTE

O servizo de transporte adaptado levase a cabo con vehículos propios da Asociación e coa empresa de Transportes AUTOS QUEIJEIRO. Diariamente trasládanse os usuarios dos domicilios ata o Centro. Utilízanse 6 rutas de transporte para dar cobertura a dispersión xeográfica.

MEDIOS DE COMUNICACIÓN

PRESENCIA EN PRENSA

Os contactos cos medios de comunicación foron por diferentes motivos e en distintos medios

En prensa escrita e dixital:

Publicacións na Voz de Galicia: **17**


Publicación do Diario de Bergantiños: **4**

Correo galego: **1**



Galiciaconfidencial: **1**

PAXINA WEB E REDES SOCIAIS

ESTATÍSTICAS DA PÁXINA WEB




Durante o 2023 actualizamos a versión de Google Analytics que tiña a páxina. Así, ata o 9 de maio as métricas reflexábanse en Universal Analytics e a partir do 5 de xullo, pasamos a velas desde GA4. Este é o motivo polo cal os datos da web se reflexarán divididos en dous gráficos diferentes. A continuación, móstrase a evolución do tráfico de visitas na web de ASPABER desde Xaneiro a Maio de 2023.



ESTADÍSTICAS DA REDE SOCIAL FACEBOOK

Nas seguintes gráficas podemos apreciar a evolución da comunidade de seguidores de Aspaber. Tal e como se ve, o número de “followers” creceu considerablemente ao longo do ano, pasando de ter 3586 seguidores o 1 de xaneiro de 2023 a 3889 o final de decembro de 2023, o que supón un aumento de máis de 300 usuarios. Analizando os datos de 2022, podemos concluir que esta é unha aproximación da media anual de aumento de seguidores todos os anos: máis de 300 novos seguidores.



ACTIVIDADES RESEÑADAS



VISITAS

- ✓ Aproveitando a participación de **Xosé Ramón Gayoso** no acto homenaxe a Carlos O Xestal, que tivo lugar na Praza do Concello de Carballo, recibimos no centro a súa visita.
- ✓ Visita do **departamento de Servizos Sociais do Concello de Carballo** para coñecer de preto os centros e servizos da nosa entidade.
- ✓ O director e o **persoal de STORE PYMES GALICIA NORTE de Caixabank** visitáronnos para coñecer a labor que realizamos nos diferentes centros e servizos e expúxose o proxecto de necesidades na área de fisioterapia e rehabilitación que se presentou á Fundación "la Caixa".
- ✓ Visita das **enfermeiras da Unidade de Saúde Mental de Carballo**.
- ✓ Visita **membros do Concello de Carballo**.



ASPABER NA COMUNIDADE

INCLUSION NA VIDA SOCIAL E CULTURAL ACTIVIDADES CULTURALES

- Visita a **biblioteca de Carballo**
- Estivemos no **VIII Festival de Variedades** organizado pola Asociación de Irmanamento Jumelage entre Carballo e L'Isle-Jourdain.
- Desprazamosnos a Caión a ver **a exposición fotográfica "Trece Luces na Nosa Costa"** do carballés Antonio Fernández, unha mostra que pretende ofrecer unha visión diferente da Costa da Morte.
- Asistimos **ao Concerto Homenaxe a Eduardo Coma**, profesor do Conservatorio Profesional de Música (CMUS) do Concello de Carballo e a continuación visitaron **a Expo-Reportaxe "O Curtidoiro"** de José López "Jolope" no Pazo da Cultura Carballo.
- Formamos parte **do voluntariado do FIOT32**, Festival Internacional de Outono de Teatro de Carballo.
- **Fomos convidados polo obradoiro de emprego "FP Dual de Cociña" do Forum Carballo** a facer unha práctica real de comedor.
- Tivemos a oportunidade de ver un **buque da armada** de preto. Trátase do patrulleiro Tabarca que estivo en Laxe dentro dun servizo de vixilancia e seguridade marítima que realiza en augas do litoral galego.
- Acudimos á **inauguración do Xardín do Xestal**, un espazo cheo de cores que simbolizan a diversidade.
- Acudimos a Coruña á 8ª edición de **BaixoOMesmoParaugas** para conmemorar



SAIDAS CULTURAIS

- o Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
- Acercámonos ao posto de **TI TES A CHAVE** prado Concello de Carballo a recoller o compost dos residuos reconvertidos por Sogama, que utilizaremos para facer o noso propio horto.
- Acudirmos a visitar os **bombeiros**
- Fomos a coñecer a **Adele**, unha vaca pinta, gañadora de diferentes certames e campeonatos nacionais polo seu pedigree e a súa alta excelencia xenética **Ganadería Pistulario en Santa Comba**.
- Visitamos un ano máis o **Santuario da Virxe dos Milagres de Caión**

ACTIVIDADES DE OCIO

- Acudimos aos 3 **campamentos** organizados polo Centro a Portonovo.
- Saídas e compras en Centros Comerciais, feiras..
- Asistimos, invitados polos nosos amigos do **Centro Pain Menni**. Irmás Hospitalarias de Betanzos, á **súa festa centenaria**.



ACTIVIDADES EN ENTORNOS NATURAIS

- Saimos a pasear e tomar algo nos entornos de Malpica, Razo, Caion, Gabenlle..



ACTIVIDADES DEPORTIVAS

- Participamos na olimpíadas **"Diversiforum"** que organizaron as alumnas/traballadoras de atención sociosanitaria do Forum Carballo.
- Asistimos á **II edición do Torneo Benéfico de Padel Solidario** organizado por 3D3, que este ano colabora coa nosa entidade.
- Fomos, invitados **pola Escola Basket Xiria**, ó último partido disputado na casa esta tempada contra a Cultural Leonesa.
- Partipamos no equipo de **fútbol Sofan FC**
- Grupos ximnasia de mantemento diaria
- Camiñatas bio saúdaes nos entornos próximos o Centro



ACTIVIDADES FORMATIVAS



-A organización **ECOEMBES** visitounos para recordárnolo e explicarnos o proceso de recollida selectiva, para que entre todos contribuíamos á economía circular e á mellora do Medio Ambiente

-Usuarios do Centro Residencial asistiron a **unha charla de concienciación sobre o problema da vespa velutina** impartida por Plaguiber no Centro Social da Brea. E poñendo en práctica o aprendido, logo de colocar o primeiro trampeo, capturamos nada máis e nada menos que 16 raiñas.

-Preparando a materia para as **OPOSICIONS A ORDENANZA – SUBALTERNO AXUDANTE DE XESTIÓN E SERVIZOS COMÚNS**.

-Un grupo de 23 usuarios/as de ASPABER, participaron nas probas de **competencias clave** que tiveron lugar nas instalacións de Fademga Plena Inclusión Galicia, en Santiago de Compostela.

-O uso das novas tecnoloxías ten innumerables vantaxes que facilitan a nosa vida diaria, pero un mal uso tamén pode complicárnola moito.

A **Asociación Vieiro** visitounos para falarnos sobre todo iso, **fomentar un bo uso das tecnoloxías actuais** e previr condutas aditivas.

-Acudiron a un **curso de primeiros auxilios** no Centro Social da Brea. Xunto aos veciños recibiron información moi útil por parte de Protección Civil de Carballo sobre cómo actuar en situacións de risco na casa.

-Participamos nos cursos de **autodefensa persoal para mulleres**, organizadas pola Concellaría de Igualdade do Concello de Carballo, con motivo do 25N.

-**Carnet de conducir**

En ASPABER que máis nos gustan son as celebracións así que non hai festa que se nos resista

Festividades 2023



Feira de Abril



Festa Pre fin de ano



San Valentín



Samain

Magosto



San Xoán



Entroido